




Fichas divulgativas axudas desenvolvemento rural

FICHA 4/DR



Extensificación de vacún de leite

Versión 2.3

Axudas no marco del PDR de Galicia 2014-2020 aprobado mediante Decisión de ejecución da Comisión C(2015) 8144 do 18/11/2015

NORMATIVA
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Regulamento (UE) 1305/2013 relativo á axuda de desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). ✓ Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello. ✓ Regulamento (UE) 1307/2013 relativo aos pagos directos ós agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco de la Política Agrícola Común (PAC). ✓ Real Decreto 1075/2014, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagos directos e dos pagos ao desenvolvemento rural.
BENEFICIARIOS
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Agricultores (persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación inscrita no correspondente rexistro (REGA). ✓ Que se comprometan voluntariamente a realizar as operacións obxecto da submedida nas condicións prescritas.
CONDICIÓNS ELIXIBILIDADE
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Recibir un servizo de aconsellamento específico dunha entidade de aconsellamento autorizada (inscrita no RESAXEGA). ✓ Non aplicar lodos de depuradora na integridade da superficie da explotación.
COMPROMISOS
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Dispoñer dun mínimo de 10 Has de superficie indemnizable¹. ✓ Deberán de manter unha carga gandeira maior de 0,7 UGM/Ha e menor de 2 UGM/Ha. ✓ Manter a superficie comprometida durante os anos que dure o compromiso. Porén, o número de hectáreas poderán reducirse como máximo nun 10% da superficie suxeita ao mesmo ao inicio do compromiso, sempre e cando non se vexa comprometido o logro do mesmo. ✓ Os compromisos contraeranse por un período de 5 anos e aplicaranse a nivel de superficie non sobre parcelas fixas e durante este período non será posible ampliar a superficie indemnizable inicialmente comprometida. ✓ Non implantar cultivos nas superficies con pendentes > de 10%, agás cando se trate de establecer pasteiros ou rexenerar pasto. ✓ As UGM que corresponden ós animais de > de 12 meses de vacún de leite serán polo menos o 70% do total das UGM da explotación. ✓ Superficie de millo e outros cultivos forraxeiros (\neq de prados de <5 anos) será \leq 25% da superficie forraxeira da explotación (excluíndo os PR e PA). ✓ O pastoreo ocupará > 50% da superficie de prados (temporais e permanentes). ✓ Manter actualizado un caderno de explotación co rexistro das actuacións de pastoreo². ✓ Deberá presentar unha solicitude anual de pago dentro da Solicitude Única de axudas.
AXUDAS
<ul style="list-style-type: none"> ✓ 170 €/Ha de superficie indemnizable.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



¹ Considerase superficie indemnizable a superficie forraxeira situada no concello da explotación ou límites de Galicia e que sexa obxecto destes compromisos, non computando as superficies de pastos arbustivos ou arborados, as superficies de uso en común nin as superficies de interese ecolóxico indicadas no artigo 24.2 del RD 1075/2014.

² Este caderno terá, como mínimo, o contido que se indica no anexo 12 da orde da convocatoria das axudas.